



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Xaneiro 2021

ARQUITECTURA E PATRIMONIO |

As obras de reparación das cubertas das capelas da igrexa de San Martiño Pinario, a piques de rematar

No marco do programa de restauración de monumentos do Consorcio de Santiago, xa están moi avanzadas as obras de reparación das cubertas da igrexa de San Martiño Pinario, cuxa intervención ascende aos 114.950 euros. O obxectivo principal desta actuación é evitar a entrada da auga da choiva cara ao interior dos muros das capelas da Nosa Señora do Socorro, Santa Catalina e Santa Escolástica. Interviuse nas súas cubertas, ao tempo que se realizou unha limpeza e rexuntado das súas fachadas e das fachadas da nave central da igrexa que son accesibles desde estas cubertas, xunto a outras obras menores.

Os pináculos que están á dereita da fachada da igrexa tiñan unhas ancoraxes deficientes, que se repararon. Tamén se amañaron as varandas de balcón do corpo das escaleiras, que presentaban un alto grao de oxidación.



PUBLICACIONES |

Un libro reúne fotografías en 3D das obras realizadas por Domingo de Andrade en Bonaval

O Consorcio de Santiago e o Museo do Pobo Galego publican *Andrade en Bonaval*, con imaxes en 3D do fotógrafo Juan Feáns e texto introdutorio de María Xosé Fernández Cerviño. Este libro sae á luz con motivo da conmemoración do Día das Artes Galegas 2020, impulsado pola Real Academia Galega de Belas Artes, dedicado ao arquitecto, entallador e imaxineiro Domingo de Andrade (Cee, 1639 – Santiago de Compostela, 1712). Trátase dunha selección de fotografías en 3D da obra de Andrade no edificio de San Domingos de Bonaval, que acolle o Museo do Pobo Galego.



EXPOSICIONES |

“Dobre Quadratura” na Casa do Cabido, con instalacións de Lois Patiño e Jorge Perianes

A Casa do Cabido acolle a exposición “Dobre Quadratura”, comisariada por Mercedes Rozas, con instalacións dos artistas Lois Patiño e Jorge Perianes. Lois Patiño presenta dúas videoinstalacións, unha lévanos a unha paisaxe mariña nocturna da Costa da Morte e a outra amosa a noite de Tokio. Pola súa parte, Jorge Perianes rastrea no reflexo do espello o periplo eterno do ser humano. Pode visitarse de martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas, e os domingos de 11:00 a 14:00 horas. Os luns a Casa do Cabido pecha ao público.

MÚSICA |

Joana Carneiro estréase como principal directora convidada da Real Filharmonía de Galicia

O día 11 de febreiro en Santiago e o 12 en Ferrol regresará Lars Vogt á batuta e ao piano, un programa con pezas de Schumann e Beethoven. Joana Carneiro estrearáse como principal directora convidada da RFG, o día 18, con obras de Debussy, Adams e Chaikovski. O 25 en Santiago está programado o concerto “Viva Beethoven”, que dirixirá o mestre luso Nuno Coelho.

A actual situación sanitaria obrigou a cancelar os concertos de xaneiro e febreiro da RFG en Vigo e Pontevedra, ao tempo que se aprazou o concerto conmemorativo do 25º aniversario da orquestra previsto para principios de marzo.

